



CONCELLO A GUARDA

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 18 DE XANEIRO DE 2016.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as oito horas do día 18 de xaneiro de dous mil dezaseis, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D^a. M^a. Montserrat Magallanes Álvarez**
- **D. Manuel Javier Crespo Gonzalez**
- **D. Paulino Rodríguez Gonzalez**

Non asisten o concelleiro D. Miguel A. Español otero e a concelleira D^a. M^a Teresa Vicente Baz.

Asiste como Secretaria accidental, a funcionaria do Concello D^a. M^a Montserrat Mariño Álvarez.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACIÓN DAS BASES DO ENTROIDO DE 2016

O sr. Alcalde da conta da proposta de bases para o entroido de 2016.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases do concurso do entroido de 2016.

PUNTO 2.- PRÓRROGA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE LIBRE CONCORRENCIA

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 13 de xaneiro de 2016, relativo á finalización dalgúns contratos do servizo de axuda no fogar de libre concorrència e da prórroga por parte da Deputación de Pontevedra do mesmo orzamento de 2015 para o ano 2016, polo que propón a renovación por un período anual (de 01/01/2016 a 31/12/2016) a 16 usuarios do servizo.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar esta renovación.

PUNTO 3.- OUTROS ACORDOS

Lese o escrito R.E. n.º 8.290 de data 21 de decembro de 2015 presentado por D^a. R.C.A., con enderezo na rúa Rosalía de Castro n.º 1 - 4º A, solicitando a



**CONCELLO
A GUARDA**

bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa Rosalía de Castro n.º 1 - 4º A.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder ó solicitado.

PUNTO 4.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Ó ABEIRO DA ORDE DO 29 DE DECEMBRO DE 2015 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES LOCAIS PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DA RENDA DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE GALICIA (RISGA) E SE APROBA A CONVOCATORIA PARA O ANO 2016.

Vista a Orde de 29 de decembro de 2015 da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvención dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba a convocatoria para o ano 2016, a Xunta de Goberno Local ACORDA acollerse a esta convocatoria e:

Primeiro. Realizar a actuación denominada “Limpeza e mantemento de espazos naturais”.

Segundo. Solicitar esta subvención para dito servizo coas seguintes características:

1. Servizo de limpeza e mantemento de espazos naturais (5 persoas na categoría de peón). Contrato de 75% da xornada por un prazo de 7 meses.

Terceiro. Dispoñer de financiamento para as partidas orzamentarias que non sexan financiadas ó abeiro deste Orde.

PUNTO 5.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Ó ABEIRO DA ORDE DO 29 DE DECEMBRO DE 2015 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES QUE REGULAN AS AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO E MELLORA DA EMPREGABILIDADE NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O EXERCICIO DO ANO 2016.

Vista a orde do 29 de decembro de 2015 da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvención para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2016, a Xunta de Goberno Local ACORDA acollerse a esta convocatoria e:

Primeiro. Realizar o proxecto de servizo denominado “Socorrismo en praias”.



CONCELLO A GUARDA

Segundo. Solicitar esta subvención para dito servizo coas seguintes características:

1. Servizo de socorrismo en praias (1 persoa na categoría de patrón de embarcación e 7 persoas na categoría de socorristas). Contrato do 100% da xornada por un prazo de 3 meses.

Terceiro. Dispoñer de financiamento para as partidas orzamentarias que non sexan financiadas ó abeiro deste Orde.

PUNTO 6.- PRAZA DE ABASTOS.

Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de DECEMBRO de 2015 que ascenden á cantidade de 1.331,78 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro.

PUNTO 7.- INSTANCIAS.

Lese o escrito R.E. nº 257 de data 13 de xaneiro de 2016, presentado pola ASOCIACIÓN DO TRAXE GALEGO, solicitando autorización para o uso da cociña do albergue os xoves dos meses de marzo e abril.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito R.E. nº 317 de data 18 de xaneiro de 2016, presentado pola ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS SANTA TECLA, solicitando autorización para o uso da cociña do albergue os martes de 17:00 a 20:00 horas, dende o 26 de xaneiro de 2016 ata o 26 de abril de 2016.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Sendo as oito horas e corenta e cinco minutos, sr. presidente levanta a sesión da que eu como secretaria dou fe.